



### CONCELLOS

#### QUIROGA

##### Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 19 de decembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** A aprobación do padrón de auga, sumidoiro, lixo e ecotaxa correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2023.

**SEGUNDO.-** A exposición pública polo prazo de 15 días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no BOP e mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e a Ordenanza Fiscal Reguladora.

**TERCEIRO.-** Poñer ao cobro no termo do artigo 62.2 da Lei 58/2003, en período voluntario, se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende, a data da recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes, dende a data da recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. A partir da devandita data pasarase a recadación executiva co seguinte recargo de apremo e demais costas derivados da execución forzosa.

**CUARTO.-** A falta do pago no período voluntario indicado suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía executiva da Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

**QUINTO.-** A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes dende que se entenda producida a notificación.

Quiroga, 20 de decembro de 2023.- O alcalde-presidente, José Luis Rivera Castro.

R. 0011

### TABOADA

##### Anuncio

#### APROBACIÓN OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE TABOADA

Por Resolución de alcaldía de data 27 de decembro de 2023 aprobouse a oferta de emprego Público correspondente ao exercicio 2024 e ordenou a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

#### OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO

##### PERSOAL LABORAL FIXO:

Denominación	Turno Xeral	Reserva Discapacitados	Reserva Promoción Interna	Total De Prazas	Clasificación	Grupo / Nivel	Sistema Selectivo	Xornada
2004 CAPATAZ DE BRIGADA	1	0	0	1	Esc. Adm. Espe.		OPOSICIÓN	100%

O que se fai público para xeral coñecemento, de acordo co disposto no art. 70.2 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado/a Público.

Taboada, 28 de decembro de 2023.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0012

## COMUNIDADE DE CONCELLOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS

### *Anuncio*

Mediante acordo do Pleno de data 28/12/2023, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras do proceso de selección de un/unha (1) Técnico de Turismo, co seguinte contido literal:

**BASES QUE HAN DE REXER A CONVOCATORIA E PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A PRAZA DE TÉCNICO DE TURISMO DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS.**

#### **PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria**

É obxecto da presente convocatoria a contratación laboral temporal, a xornada completa/a xornada completa, polo procedemento de concurso-oposición, dun (1) **TÉCNICO DE TURISMO** para a súa incorporación ao desenvolvemento do proxecto "PLATAFORMA INTELIXENTE: CAMIÑO DE EUROPA", dentro do marco da axuda "EXPERIENCIAS TURISMO ESPAÑA 2021" outorgada a esta Mancomunidade polo Ministerio de Comercio, Industria e Turismo, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia a través dos fondos Next- Generation financiado pola Unión Europea".

As características da praza son:

**Denominación do posto:** Técnico de Turismo

**Número de prazas:** 1

**Natureza xurídica:** Laboral Temporal

**Xornada:** Completa

**Grupo:** A2

**Duración da contratación:** 3 meses. Ademais de por a finalización do prazo establecido, a relación contractual poderá finalizar pola desaparición das razóns que determinaron a mesma.

**Modalidade do contrato:** A modalidade contractual será a de contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos, nos termos que se derivan da Disposición Adicional 5.<sup>a</sup> do Real Decreto Lei 33/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

**Sistema de selección:** Concurso - oposición

#### **Funcións a desenvolver:**

-Contactar cos distintos establecementos de restauración e hostalería dedicados á atención do peregrino para explicar o proxecto e involucralos no mesmo, ao longo do percorrido do Camiño Francés en Galicia.

-Contactar cos distintos establecementos de comercio, sobre todo aqueles que se dedican á produción e venda de produtos locais, para explicar o proxecto e involucralos no mesmo, ao longo do percorrido do Camiño Francés en Galicia.

-Elaborar unha mostra representativa en variedade e número de establecementos relacionados co camiño, incluíndo Albergues, Hoteis e pensións, servizos de restauración, comercio relacionado e transporte no Camiño Francés en Galicia e entre aqueles establecementos que se queiran involucrar no proxecto.

-Ser a canle de información, cos distintos peregrinos que en datas onde se realicen probas deste proxecto, atópanse percorrendo a parte galega do Camino Francés a Santiago.

-Colaborar coa Mancomunidade en calquera outra xestión que contribúa á posta en valor do Camino Francés dentro do proxecto.

O aspirante que obteña a praza desempeñará as súas funcións ao longo do percorrido do Camino de Santiago Francés, sendo esta mobilidade necesaria para o normal desempeño das funcións inherentes ao posto.

As presentes bases, serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no Taboleiro de Anuncios electrónico (<https://concellosgalegosdocaminofrances.sedelectronica.gal>)

Os sucesivos anuncios relativos ao procedemento selectivo serán obxecto de publicación a través do Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade.

De conformidade co artigo 45.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, fíxase como medio de comunicación aos interesados dos actos, acordos e

resolucións integrantes deste procedemento selectivo, a exposición no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade.

### SEGUNDO. Condicións de Admisión de Aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro:

- a) Ter nacionalidade española ou estar incurso nalgún dos supostos previstos no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos, na data da convocatoria, os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título universitario de Técnico en empresas e actividades turísticas ou grao ou Diplomado en Turismo ou equivalente. As equivalencias dos títulos alegados que non teñan o carácter xeral, deberán xustificarse polo interesado. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto, acreditándose mediante certificado médico.

Todos os requisitos anteriores deberán reunilos os aspirantes na data en que finalice o prazo para a presentación de instancias solicitando tomar parte na Convocatoria.

Incompatibilidades do cargo.- As comprendidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

### TERCEIRA. Forma e Prazo de Presentación de Instancias

As solicitudes (Anexo I e Anexo II), requirindo tomar parte no proceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse á Sra. Presidenta da Mancomunidade de Municipios Galegos do Camino Francés, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral desta Mancomunidade ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de sete **días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (provincia onde ten a súa sede a Mancomunidade).

Á solicitude acompañarase unha fotocopia do Documento Nacional de Identidade e titulación académica esixida, así como de todos aqueles documentos xustificativos dos méritos que se acrediten na presente convocatoria, debendo terse en consideración que non será tido en conta requisito e/ou mérito algún que non fose debidamente xustificado en tempo e forma nos termos establecidos

Con carácter xeral, os requisitos e méritos que, no seu caso, puidesen ser alegados polos aspirantes para a súa valoración no presente proceso de selección, deberán acreditarse documentalmente nos termos establecidos nas presentes bases, sen que se poida presumir a concorrencia de requisito ou mérito algún distinto dos alegados e xustificados documentalmente dentro do período de presentación de instancias, salvo causas de forza maior alegadas no momento de presentación da solicitude de admisión a este proceso de selección, sendo da exclusiva responsabilidade do aspirante a falta ou defecto na acreditación dos requisitos ou méritos polo alegados que impidan a súa consideración ou valoración en termos de igualdade con respecto ao resto dos aspirantes.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias non se admitirá ningún xustificante, mérito ou acreditación de circunstancias aínda cando se refiran a feitos producidos con anterioridade á finalización do devandito prazo, salvo a que resulte precisa ao obxecto de emendar erros materiais na documentación achegada no momento de presentación de instancias.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. A Mancomunidade será a responsable do tratamento destes datos.

### CUARTA. Admisión de Aspirantes

Terminado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Mancomunidade ditará resolución no prazo de tres **(3) días naturais**, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita

resolución, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade (<https://concellosgalegosdocaminofrances.sedelectronica.gal>), sinalarase un prazo de dous **(2) días hábiles** para a corrección dos posibles erros nas instancias presentadas. De non existir solicitudes de participación excluídas, a lista presentada ao final do prazo de presentación de instancias terá carácter definitivo.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de tres **(3) días hábiles** desde a finalización do prazo para a presentación. Transcorrido este prazo sen que se ditase resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

Transcorrido o prazo de corrección, pola Presidencia aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade (<https://concellosgalegosdocaminofrances.sedelectronica.gal>).

#### **QUINTA. Tribunal Cualificador**

O órgano de selección estará formado por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, debendo indicarse o mesmo número de suplentes, un dos cuales actuará como presidente/a e outro como secretario/a.

Todos os membros do Tribunal deberán ter o mesmo nivel de titulación ou superior ao requirido na presente convocatoria. Non formarán parte do mesmo, as persoas de elección ou designación política, funcionarios interinos nin persoal eventual.

A Presidenta nomeará por decreto aos membros do tribunal e os seus suplentes, e fixará a data da súa constitución axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade (<https://concellosgalegosdocaminofrances.sedelectronica.gal>).

Os compoñentes do Tribunal deberán absterse de intervir e os aspirantes poderán recusalos cando concorresen as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente e está facultado para resolver as cuestións que puidesen suscitarse no desenvolvemento da oposición, e para adoptar os acordos necesarios para a debido orde do mesmo, en todo o non previsto nestas bases.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, con voz e sen voto, os cuales limitaranse ao exercicio da súa especialidade técnica.

Os membros do Tribunal observasen a confidencialidade e o sixelo profesional en todo o referente ás cuestións tratadas nas reunións, non podendo utilizar fóra das mesmas a información que posúan na súa calidade de membros do Tribunal referida ao proceso selectivo para o que foron nomeados.

Serán de aplicación aos membros do Tribunal da presente convocatoria o disposto na normativa de aplicación sobre indemnizacións por razón do servizo.

#### **SEXTA. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos**

A selección efectuarase mediante o sistema de concurso- oposición.

— **FASE DE CONCURSO:** Máximo 4 puntos. Será posterior á fase de oposición, procedéndose á valoración dos méritos alegados polos aspirantes que superasen a fase de oposición.

O Tribunal cualificará, unha vez acreditados documentalmente, os seguintes méritos:

a) Experiencia Profesional (máximo 2 puntos): Polo desempeño de funcións directamente relacionadas cos postos obxecto de convocatoria como Técnico de Turismo ou categoría profesional análoga, conforme ao seguinte detalle:

— Os servizos prestados na Administración Pública, valoraranse a razón de 0,10 puntos/mes.

— Os servizos prestados en entidades privadas valoraranse a razón de 0,05 puntos/mes.

Os períodos prestados a tempo parcial serán obxecto de ponderación para a súa consideración como xornadas completas. Terase en conta o equivalente a días cotizados que figuren no Informe de Vida Laboral.

b) Cursos oficiais relacionados co posto obxecto de convocatoria (máximo 2 puntos):

— Ata 20 horas de duración: 0,25 puntos

— De 21 a 60 horas de duración: 0,50 puntos

— De 61 a 80 horas de duración: 1,25 puntos

— De 81 ou máis horas de duración: 1,25 puntos

— Doutoramento, Máster: 2 puntos

Dentro deste apartado poderán ser obxecto de valoración igualmente os cursos de idiomas que sexan alegados e acreditados polos aspirantes outorgándose unha puntuación máxima por este concepto de 0,50 puntos.

Os méritos alegados polos aspirantes haberán de acreditarse da forma que a continuación se indica:

— Os do apartado a): A experiencia profesional obxecto de valoración deberá acreditarse mediante certificación expedida polo Organismo ou entidade correspondente que permita avaliar os servizos prestados, ou mediante a presentación de copias dos contratos acompañados da vida laboral. Para a acreditación do traballo por conta propia, deberán presentarse os documentos de alto e/ou baixa da actividade económica na Axencia Tributaria e informe de vida laboral a expedir pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, nos que conste a actividade económica desempeñada.

— Os do apartado b), mediante a achega do orixinal ou fotocopia do certificado de asistencia do curso de formación alegado ou diploma correspondente.

En ningún caso, e respecto a ningún dos aspirantes presentados, poderá presumir o Tribunal a concorrencia de mérito algún distinto dos alegados e xustificadas documentalmente dentro do período de presentación de instancias, salvo causas de forza maior alegadas no momento de presentación da solicitude de admisión a este proceso de selección, sendo da exclusiva responsabilidade do aspirante a falta ou defecto na acreditación dos méritos por alegados que impida ao Tribunal a súa valoración en termos de igualdade con respecto ao resto dos aspirantes.

— **FASE DE OPOSICIÓN:** Esta fase consta dun único exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio que consistirá contestar por escrito un cuestionario tipo test de 24 preguntas das materias incluídas no Anexo III destas bases, proposto libremente polo Tribunal, tanto respecto ao seu número como á súa natureza, durante un prazo máximo de corenta e cinco (45) minutos.

Na valoración do presente terase en conta que por cada resposta correcta obterase 0,25 puntos, as respostas incorrectas penalizarán 0,125 puntos e as preguntas en branco non puntuarán.

Puntuación máxima de seis (6) puntos, quedando eliminados aqueles aspirantes que non obtivesen unha puntuación de tres (3) puntos.

A cualificación definitiva deste proceso de selección estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición, facéndose igualmente pública no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade.

(<https://concellosgalegosdocaminofrances.sedelectronica.gal>).

En caso de empate a orde establecerase atendendo á maior puntuación obtida no exercicio da fase de oposición; de manterse, estarase á maior puntuación na fase de concurso; de manterse, estarase á maior puntuación obtida na fase de concurso en cada un dos seus apartados atendendo á orde no que aparece relacionados.

#### **SÉTIMA. Relación de Aprobados. Presentación de documentos e formalización do contrato.**

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente a proposta de candidatos para a formalización do contrato.

O aspirante proposto achegará ante a Administración, dentro do prazo de tres (3) días naturais, a contar desde o día seguinte a aquel en que se publicou a relación de aprobados, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, excepto os que fosen presentados coa solicitude de participación.

Quen dentro do prazo indicado non presentase, salvo caso de forza maior. os documentos acreditativos, non poderá formalizar o seu nomeamento, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa instancia.

#### **OITAVA. Constitución e funcionamento de bolsa de emprego.**

Unha vez finalizado o proceso elaborase unha bolsa cos traballadores/as que superaron o proceso, por orde de puntuación.

Os chamamentos realizaranse respectando a orde de prelación que virá determinado pola suma da puntuación obtida que se estableza na convocatoria da bolsa correspondente.

A orde de chamamento dos aspirantes rexistrados na bolsa será por: orde de prelación (de maior a menor) e de forma rotatoria ata esgotar a bolsa, é dicir ata que non fosen todos os compoñentes nomeados, estes non poderán repetir.

A forma normal de localización será vía chamada telefónica ou e-mail, conforme os datos consignados na solicitude, que deberán ser debidamente comunicados por escrito en caso de cambio ou variación sendo responsabilidade exclusiva do solicitante tanto os erros na súa consignación como a falta de comunicación de calquera cambio.

A duración desta bolsa será a a mesma que o servizo subvencionado.

**NOVENA. Lei reguladora da convocatoria**

O só feito de presentar instancia solicitando tomar parte nesta convocatoria constitúe sometemento expreso dos aspirantes ás bases reguladoras do mesmo, que teñen consideración de Lei reguladora desta convocatoria.

A presente convocatoria e os seus anexos rexeranse polas disposicións do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro. Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e, en tanto se proceda ao seu desenvolvemento regulamentario, pola Lei 30/1984, do 2 de agosto, modificada pola Lei 23/1988, do 29 de xullo, Lei 7/1985, do 2 de abril e disposicións do Real Decreto Lexislativo 781/9186, do 18 de abril, Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local. e con carácter supletorio o Real Decreto 364/1995. do 10 de marzo, Orde do Ministerio de Administracións Públicas 1461/2002, do 6 de xuño, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento do persoal funcionario interino, Real Decreto Lei 33/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

**DÉCIMA. Incompatibilidades**

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

**UNDÉCIMA. Incidencias**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polo interesados recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo no prazo dun mes ante o órgano que ditou o acto, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no Emprego Público, o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; ; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; Lei 2/2015, do 29 de abril , de emprego público de Galicia; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, con carácter supletorio.

<b>INFORMACIÓN DE PROTECCIÓN DE DATOS</b>	
<b>Responsable do tratamento</b>	MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS C.I.F.: P2700017C mancomunidadefrances@gmail.com
<b>Fins do tratamento e prazos de conservación.</b>	Os datos trataranse para realizar a selección de persoal. Os datos serán obxecto de tratamento durante o proceso selectivo e posteriormente serán bloqueados ante responsabilidades xurídicas derivadas do tratamento
<b>Base xurídica do tratamento</b>	A base legal para o tratamento dos seus datos está baseada en que é un tratamento necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento, derivado da Lei 4/1993, do 10 de marzo, de Función Pública, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
<b>Destinatarios</b>	Os datos poderán facilitarse a outras Administracións Públicas con competencia na materia
<b>Exercicio de dereitos</b>	A persoa interesada ten dereito de acceso, rectificación, supresión dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento mediante o envío dunha comunicación escrita á dirección do Concello incluíndo documento acreditativo da súa identidade ou iniciando o trámite electrónico dispoñible para o efecto na sede electrónica da Corporación. mancomunidadefrances@gmail.com

**ANEXO I****MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE TURISMO**

D/D<sup>a</sup>..... con DNI. ....  
 con domicilio en ..... nº....., localidade.....  
 C.P.:.....,Municipio.....Provincia.....teléfono .....  
 móbil....., correo electrónico.....

En relación coa convocatoria realizada pola Mancomunidade de Municipios Galegos do Camino Francés para o proceso selectivo da praza de Técnico de Turismo,

**DECLARO BAIXO A miña RESPONSABILIDADE**

- Que son certos todos os datos consignados na solicitude.
- Que reúno, na data en que acaba o prazo de presentación de instancias, todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, as cuales coñezo e acepto expresamente na súa totalidade.
- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo
- Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin me atopo en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Que alego e acredito os seguintes méritos que se relacionan non Anexo II, que acompaña á presente solicitude.

Polo exposto **SOLICITO** que se me admita a presente solicitude coa documentación adxunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado para os efectos da provisión do posto.

....., \_\_\_\_ de ..... de 2023

O/A solicitante,



## ANEXO II

## RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS ACHEGADOS E ACREDITADOS

## EXPERIENCIA PROFESIONAL:

Categoría	Administración Pública/ Entidades Privadas	Duración contrato ou nomeamento	Data de inicio	Data de finalización

## FORMACIÓN:

Denominación	Centro de impartición	Duración

-----, ---- de ----- de 2023

O/A solicitante,

SRA. PRESIDENTA DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS

**ANEXO III****PROGRAMA:**

- 1.- O TURISMO. LEI 7/2011 DE TURISMO DE GALICIA. CONCEPTO LEGAL. DISTRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS ENTRE ADMINISTRACIÓNS.
- 2.- DECRETO 32/2015, DO 19 DE FEBREIRO, POLO QUE SE REGULA A DECLARACIÓN DE MUNICIPIO TURÍSTICO DE GALICIA. DISPOSICIÓNS XERAIS. REQUISITOS, EFECTOS E VIXENCIA DA DECLARACIÓN. PROCEDEMENTO.
- 3.- DECRETO 4/2015, DO 8 DE XANEIRO, POLO QUE SE REGULA A DECLARACIÓN DE FESTAS DE INTERESE PÚBLICO DE GALICIA. DISPOSICIÓNS XERAIS. REQUISITOS, EFECTOS E VIXENCIA DA DECLARACIÓN. PROCEDEMENTO.
- 4.- A PROMOCIÓN TURÍSTICA DE GALICIA. A PROMOCIÓN DE RECURSOS TURÍSTICOS. GALICIA COMO DESTINO TURÍSTICO. A INFORMACIÓN TURÍSTICA EN GALICIA. GUÍAS DE TURISMO.
- 5.- Os SERVIZOS E ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS. TIPOS. RÉXIME DA PRESTACIÓN. SIGNOS DISTINTIVOS E PUBLICIDADE. PREZOS. CLASIFICACIÓN ADMINISTRATIVA. NORMATIVA SOBRE CLASIFICACIÓN E ORDENACIÓN DE ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS DE GALICIA.
- 6.- HISTORIA DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS. PATRIMONIO MATERIAL E INMATERIAL DOS MUNICIPIOS QUE A COMPOÑEN.
- 7.- O CAMIÑO FRANCÉS; PRINCIPAIS DESTINOS, PRODUTOS ETC...
- 8.- O I.C.T.E. FUNCIÓNS E OBXECTIVOS. A MARCA Q DE CALIDADE TURÍSTICA. SISTEMA INTEGRAL DE CALIDADE TURÍSTICA EN DESTINO.

Triacastela, 2 de xaneiro de 2024.- Presidenta da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 0013

---

**Anuncio**

Mediante acordo do Pleno de data 28/12/2023, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras do proceso de selección de un/unha (1) Antropólogo co seguinte contido literal:

**BASES QUE HAN DE REXER A CONVOCATORIA E PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A PRAZA DE ANTROPÓLOGO DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS.**

**PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria**

É obxecto da presente convocatoria a contratación laboral temporal, a xornada completa/a xornada completa, polo procedemento de concurso-oposición, dun (1) **ANTROPÓLOGO** para a súa incorporación ao desenvolvemento do proxecto "PLATAFORMA INTELIXENTE: CAMIÑO DE EUROPA", dentro do marco da axuda "EXPERIENCIAS TURISMO ESPAÑA 2021" outorgada a esta Mancomunidade polo Ministerio de Comercio, Industria e Turismo, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia a través dos fondos Next- Generation financiado pola Unión Europea".

As características da praza son:

**Denominación do posto:** Antropólogo

**Número de prazas:** 1

**Natureza xurídica:** Laboral Temporal

**Grupo:** A1

**Xornada:** Completa

**Duración da contratación:** 9 meses. Ademais de por a finalización do prazo establecido, a relación contractual poderá finalizar pola desaparición das razóns que determinaron a mesma.

**Modalidade do contrato:** A modalidade contractual será a de contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos, nos termos que se derivan da Disposición Adicional 5.ª da Real Decreto Lei 33/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

**Sistema de selección:** Concurso - oposición

**Funcións a desenvolver:**

-Elaborar o documento programático do catastro de ideas do proxecto, no que se analizan e recollen elementos culturais tanxibles e intanxibles talles como lendas, costumes, fitos arquitectónicos e paisaxísticos, experiencias

persoais e humanas auténticas vinculadas ao Camino de Santiago Francés (considerado o camiño primigenio) que conecta Europa con España e abarca cinco comunidades autónomas- Navarra (Roncesvalles), Aragón (Somport), A Rioxa, Castela e León e Galicia.

-Dirixir e executar o proxecto cultural Almas do Camino, que forma parte do programa xeral titulado "Programa Experiencias Turismo España para o proxecto denominado "PLATAFORMA INTELIXENTE: O CAMIÑO DE EUROPA", documental ao longo de 22 etapas do Camino Francés onde se reflicta todo o recolleito no catastro.

-Seleccionar ás persoas protagonistas do proxecto Almas do Camino, que en diversos formatos serán retratadas e entrevistadas para a formalización en soporte web e outros do proxecto Almas do Camino.

-Dirixir e guionizar os equipos técnicos encargados de realizar unha peza documental de estética e narración moderna que percorra as etapas e comarcas que percorren o Camiño Francés de Santiago, así como os podcasts, retratos, fotografías de personaxes e fitos monumentais e naturais do proxecto.

-Supervisar que os contidos do proxecto Almas do Camino, pola súa obxectiva calidade, estarán encamiñados a unha futura exposición itinerante de soporte físico.

O aspirante que obteña a praza desempeñará as súas funcións ao longo do percorrido do Camino de Santiago Francés, sendo esta mobilidade necesaria para o normal desempeño das funcións inherentes ao posto.

As presentes bases, serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no Taboleiro de Anuncios electrónico (<https://concellosgalegosdocaminofrances.sedelectronica.gal>)

Os sucesivos anuncios relativos ao procedemento selectivo serán obxecto de publicación a través do Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade.

De conformidade co artigo 45.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, fíxase como medio de comunicación aos interesados dos actos, acordos e resolucións integrantes deste procedemento selectivo, a exposición no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade.

## **SEGUNDO. Condicións de Admisión de Aspirantes**

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro:

a) Ter nacionalidade española ou estar incurso nalgún dos supostos previstos no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos, na data da convocatoria, os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do título universitario de Grao en Antropoloxía ou titulación universitaria equivalente. As equivalencias dos títulos alegados que non teñan o carácter xeral, deberán xustificarse polo interesado. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.

e) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto, acreditándose mediante certificado médico.

Todos os requisitos anteriores deberán reunilos os aspirantes na data en que finalice o prazo para a presentación de instancias solicitando tomar parte na Convocatoria.

Incompatibilidades do cargo.- As comprendidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

## **TERCEIRA. Forma e Prazo de Presentación de Instancias**

As solicitudes (Anexo I e Anexo II), requirindo tomar parte no proceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse á Sra. Presidenta da Mancomunidade de Municipios Galegos do Camino Francés, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral desta Mancomunidade ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de sete **días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (provincia onde ten a súa sede a Mancomunidade).

Á solicitude acompañarase unha fotocopia do Documento Nacional de Identidade e titulación académica esixida, así como de todos aqueles documentos xustificativos dos méritos que se acrediten na presente convocatoria, debendo terse en consideración que non será tido en conta requisito e/ou mérito algún que non fose debidamente xustificado en tempo e forma nos termos establecidos

Con carácter xeral, os requisitos e méritos que, no seu caso, puidesen ser alegados polos aspirantes para a súa valoración no presente proceso de selección, deberán acreditarse documentalmente nos termos establecidos nas presentes bases, sen que se poida presumir a concorrencia de requisito ou mérito algún distinto dos alegados e xustificados documentalmente dentro do período de presentación de instancias, salvo causas de forza maior alegadas no momento de presentación da solicitude de admisión a este proceso de selección, sendo da exclusiva responsabilidade do aspirante a falta ou defecto na acreditación dos requisitos ou méritos polo alegados que impidan a súa consideración ou valoración en termos de igualdade con respecto ao resto dos aspirantes.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias non se admitirá ningún xustificante, mérito ou acreditación de circunstancias aínda cando se refiran a feitos producidos con anterioridade á finalización do devandito prazo, salvo a que resulte precisa ao obxecto de emendar erros materiais na documentación achegada no momento de presentación de instancias.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. A Mancomunidade será a responsable do tratamento destes datos.

#### **CUARTA. Admisión de Aspirantes**

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Mancomunidade ditará resolución no prazo de tres **(3) días naturais**, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade (<https://concellosgalegosdocaminofrances.sedelectronica.gal>), sinalarase un prazo de dous **(2) días hábiles** para a corrección dos posibles erros nas instancias presentadas. De non existir solicitudes de participación excluídas, a lista presentada ao final do prazo de presentación de instancias terá carácter definitivo.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de tres **(3) días hábiles** desde a finalización do prazo para a presentación. Transcorrido este prazo sen que se ditase resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

Transcorrido o prazo de corrección, pola Presidencia aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade (<https://concellosgalegosdocaminofrances.sedelectronica.gal>).

#### **QUINTA. Tribunal Cualificador**

O órgano de selección estará formado por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, debendo indicarse o mesmo número de suplentes, un dos cuales actuará como presidente/a e outro como secretario/a.

Todos os membros do Tribunal deberán ter o mesmo nivel de titulación ou superior ao requirido na presente convocatoria. Non formarán parte do mesmo, as persoas de elección ou designación política, funcionarios interinos nin persoal eventual.

A Presidenta nomeará por decreto aos membros do tribunal e os seus suplentes, e fixará a data da súa constitución axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade (<https://concellosgalegosdocaminofrances.sedelectronica.gal>).

Os compoñentes do Tribunal deberán absterse de intervir e os aspirantes poderán recusalos cando concorresen as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente e está facultado para resolver as cuestións que puidesen suscitarse no desenvolvemento da oposición, e para adoptar os acordos necesarios para a debido orde do mesmo, en todo o non previsto nestas bases.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, con voz e sen voto, os cuales limitaranse ao exercicio da súa especialidade técnica.

Os membros do Tribunal observasen a confidencialidade e o sigilo profesional en todo o referente ás cuestións tratadas nas reunións, non podendo utilizar fóra das mesmas a información que posúan na súa calidade de membros do Tribunal referida ao proceso selectivo para o que foron nomeados.

Serán de aplicación aos membros do Tribunal da presente convocatoria o disposto na normativa de aplicación sobre indemnizacións por razón do servizo.

## SEXTA. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos

A selección efectuarase mediante o sistema de concurso- oposición.

— **FASE DE CONCURSO:** Máximo 4 puntos. Será posterior á fase de oposición, procedéndose á valoración dos méritos alegados polos aspirantes que superasen a fase de oposición.

O Tribunal cualificará, unha vez acreditados documentalmente, os seguintes méritos:

a) Experiencia Profesional (máximo 2 puntos): Polo desempeño de funcións directamente relacionadas cos postos obxecto de convocatoria como Antropólogo ou categoría profesional análoga, conforme ao seguinte detalle:

— Os servizos prestados na Administración Pública, valoraranse a razón de 0,10 puntos/mes.

— Os servizos prestados en entidades privadas valoraranse a razón de 0,05 puntos/mes.

Os períodos prestados a tempo parcial serán obxecto de ponderación para a súa consideración como xornadas completas. Terase en conta o equivalente a días cotizados que figuren no Informe de Vida Laboral.

b) Cursos oficiais relacionados co posto obxecto de convocatoria (máximo 2 puntos):

— Ata 20 horas de duración: 0,25 puntos

— De 21 a 60 horas de duración: 0,50 puntos

— De 61 a 80 horas de duración: 1,25 puntos

— De 81 ou máis horas de duración: 1,25 puntos

— Doutoramento, Máster: 2 puntos

Dentro deste apartado poderán ser obxecto de valoración igualmente os cursos de idiomas que sexan alegados e acreditados polos aspirantes outorgándose unha puntuación máxima por este concepto de 0,50 puntos.

Os méritos alegados polos aspirantes haberán de acreditarse da forma que a continuación se indica:

— Os do apartado a): A experiencia profesional obxecto de valoración deberá acreditarse mediante certificación expedida polo Organismo ou entidade correspondente que permita avaliar os servizos prestados, ou mediante a presentación de copias dos contratos acompañados da vida laboral. Para a acreditación do traballo por conta propia, deberán presentarse os documentos de alto e/ou baixa da actividade económica na Axencia Tributaria e informe de vida laboral a expedir pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, nos que conste a actividade económica desempeñada.

— Os do apartado b), mediante a achega do orixinal ou fotocopia do certificado de asistencia do curso de formación alegado ou diploma correspondente.

En ningún caso, e respecto a ningún dos aspirantes presentados, poderá presumir o Tribunal a concorrencia de mérito algún distinto dos alegados e xustificadas documentalmente dentro do período de presentación de instancias, salvo causas de forza maior alegadas no momento de presentación da solicitude de admisión a este proceso de selección, sendo da exclusiva responsabilidade do aspirante a falta ou defecto na acreditación dos méritos por alegados que impida ao Tribunal a súa valoración en termos de igualdade con respecto ao resto dos aspirantes.

— **FASE DE OPOSICIÓN:** Esta fase consta dun único exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio que consistirá en desenvolver un ou varios supostos teórico-prácticos relacionados coas funcións para desenvolver no posto, propostos libremente polo Tribunal, tanto respecto ao seu número como á súa natureza, durante un prazo máximo dunha (1) hora.

Na valoración do presente exercicio o Tribunal apreciará, fundamentalmente, a capacidade e formación xeral sobre os aspectos teóricos expostos, a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos expostos, a claridade de ideas, a precisión, síntese e rigor na exposición e a calidade e limpeza de expresión escrita e ortográfica.

Puntuación máxima de seis (6) puntos, quedando eliminados aqueles aspirantes que non obtivesen unha puntuación de tres (3) puntos.

A cualificación definitiva deste proceso de selección estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición, facéndose igualmente pública no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade.

(<https://concellosgalegosdocaminofrances.sedelectronica.gal>).

En caso de empate a orde establecerase atendendo á maior puntuación obtida no exercicio da fase de oposición; de manterse, estarase á maior puntuación na fase de concurso; de manterse, estarase á maior puntuación obtida na fase de concurso en cada un dos seus apartados atendendo á orde no que aparece relacionados.

**SÉTIMA. Relación de Aprobados. Presentación de documentos e formalización do contrato.**

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente a proposta de candidatos para a formalización do contrato.

O aspirante proposto achegará ante a Administración, dentro do prazo de tres **(3) días naturais**, a contar desde o día seguinte a aquel en que se publicou a relación de aprobados, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, excepto os que fosen presentados coa solicitude de participación.

Quen dentro do prazo indicado non presentase, salvo caso de forza maior. os documentos acreditativos, non poderá formalizar o seu nomeamento, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa instancia.

**OITAVA. Constitución e funcionamento de bolsa de emprego.**

Unha vez finalizado o proceso elaborárase unha bolsa cos traballadores/as que superaron o proceso, por orde de puntuación.

Os chamamentos realizaranse respectando a orde de prelación que virá determinado pola suma da puntuación obtida que se estableza na convocatoria da bolsa correspondente.

A orde de chamamento dos aspirantes rexistrados na bolsa será por: orde de prelación (de maior a menor) e de forma rotatoria ata esgotar a bolsa, é dicir ata que non fosen todos os compoñentes nomeados, estes non poderán repetir.

A forma normal de localización será vía chamada telefónica ou e-mail, conforme os datos consignados na solicitude, que deberán ser debidamente comunicados por escrito en caso de cambio ou variación sendo responsabilidade exclusiva do solicitante tanto os erros na súa consignación como a falta de comunicación de calquera cambio.

A duración desta bolsa será a a mesma que o servizo subvencionado.

**NOVENA. Lei reguladora da convocatoria**

O só feito de presentar instancia solicitando tomar parte nesta convocatoria constitúe sometemento expreso dos aspirantes ás bases reguladoras do mesmo, que teñen consideración de Lei reguladora desta convocatoria.

A presente convocatoria e os seus anexos rexeranse polas disposicións do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro. Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e, en tanto se proceda ao seu desenvolvemento regulamentario, pola Lei 30/1984, do 2 de agosto, modificada pola Lei 23/1988, do 29 de xullo, Lei 7/1985, do 2 de abril e disposicións do Real Decreto Lexislativo 781/9186, do 18 de abril, Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local. e con carácter supletorio o Real Decreto 364/1995. do 10 de marzo, Orde do Ministerio de Administracións Públicas 1461/2002, do 6 de xuño, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento do persoal funcionario interino, Real Decreto Lei 33/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

**DÉCIMA. Incompatibilidades**

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

**UNDÉCIMA. Incidencias**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polo interesados recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo no prazo dun mes ante o órgano que ditou o acto, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no Emprego Público, o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; ; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción

Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, con carácter supletorio.

<b>INFORMACIÓN DE PROTECCIÓN DE DATOS</b>	
<b>Responsable do tratamento</b>	MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS C.I.F.: P2700017C mancomunidade.frances@gmail.com
<b>Fins do tratamento e prazos de conservación.</b>	Os datos trataranse para realizar a selección de persoal. Os datos serán obxecto de tratamento durante o proceso selectivo e posteriormente serán bloqueados ante responsabilidades xurídicas derivadas do tratamento
<b>Base xurídica do tratamento</b>	A base legal para o tratamento dos seus datos está baseada en que é un tratamento necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento, derivado da Lei 4/1993, do 10 de marzo, de Función Pública, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
<b>Destinatarios</b>	Os datos poderán facilitarse a outras Administracións Públicas con competencia na materia
<b>Exercicio de dereitos</b>	A persoa interesada ten dereito de acceso, rectificación, supresión dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento mediante o envío dunha comunicación escrita á dirección do Concello incluíndo documento acreditativo da súa identidade ou iniciando o trámite electrónico dispoñible para o efecto na sede electrónica da Corporación. mancomunidade.frances@gmail.com

**ANEXO I****MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE ANTROPÓLOGO**

D/D<sup>a</sup>-..... con DNI. ....  
 con domicilio en ..... nº....., localidade.....  
 C.P.:....., Municipio..... Provincia..... teléfono .....  
 móbil....., correo electrónico.....

En relación coa convocatoria realizada pola Mancomunidade de Municipios Galegos do Camino Francés para o proceso selectivo da praza de Antropólogo,

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**

- Que son certos todos os datos consignados na solicitude.
- Que reúno, na data en que acaba o prazo de presentación de instancias, todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, as cales coñezo e acepto expresamente na súa totalidade.
- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo
- Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin me atopo en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Que alego e acredito os seguintes méritos que se relacionan non Anexo II, que acompaña á presente solicitude.

Polo exposto **SOLICITO** que se me admita a presente solicitude coa documentación adxunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado para os efectos da provisión do posto.

....., \_\_\_\_ de ..... de 2023

O/A solicitante,



**ANEXO II**

**RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS ACHEGADOS E ACREDITADOS**

**EXPERIENCIA PROFESIONAL:**

<b>Categoría</b>	<b>Administración Pública/ Entidades Privadas</b>	<b>Duración contrato ou nomeamento</b>	<b>Data de inicio</b>	<b>Data de finalización</b>

**FORMACIÓN:**

<b>Denominación</b>	<b>Centro de impartición</b>	<b>Duración</b>

-----, ---- de ----- de 2023

O/A solicitante,

Triacastela, 2 de xaneiro de 2024.- Presidenta da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 0014

### Anuncio

Mediante acordo do Pleno de data 28/12/2023, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras do proceso de selección de un/unha (1) Director/a de Comunicación, co seguinte contido literal:

**BASES QUE HAN DE REXER A CONVOCATORIA E PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A PRAZA DE DIRECTOR DE COMUNICACIÓN DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS.**

#### **PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria**

É obxecto da presente convocatoria a contratación laboral temporal, a xornada completa/a xornada completa, polo procedemento de concurso-oposición, dun (1) **DIRECTOR DE COMUNICACIÓN** para a súa incorporación ao desenvolvemento do proxecto "PLATAFORMA INTELIXENTE: CAMIÑO DE EUROPA", dentro do marco da axuda "EXPERIENCIAS TURISMO ESPAÑA 2021" outorgada a esta Mancomunidade polo Ministerio de Comercio, Industria e Turismo, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia a través dos fondos Next- Generation financiado pola Unión Europea".

As características da praza son:

**Denominación do posto:** Director de Comunicación

**Número de prazas:** 1

**Natureza xurídica:** Laboral Temporal

**Grupo:** A1

**Xornada:** Completa

**Duración da contratación:** 9 meses. Ademais de por a finalización do prazo establecido, a relación contractual poderá finalizar pola desaparición das razóns que determinaron a mesma.

**Modalidade do contrato:** A modalidade contractual será a de contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos, nos termos que se derivan da Disposición Adicional 5.<sup>a</sup> da Real Decreto Lei 33/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

**Sistema de selección:** Concurso - oposición

#### **Funcións a desenvolver:**

-A **redacción de notas de prensa e comunicados** relacionados coas noticias máis relevantes ao redor do proxecto Camino de Europa e aliñados coa estratexia de comunicación do Proxecto Camino de Europa.

-As **relacións cos medios de comunicación** - locais, nacionais e internacionais para a difusión do Proxecto Camino de Europa, promovendo o seu carácter innovador e facilitando o entendemento das súas particulares características nas especialidades de cultura, economía, turismo e tecnoloxía por parte dos representantes dos medios.

-A **formación de voceiras e persoal** dos concellos e outros membros da agrupación na súa relación cos medios, asegurando a concreción e consistencia das mensaxes emitidas sobre o Proxecto.

-O **deseño e implementación da imaxe de marca** para o proxecto Camino de Europa, incluíndo un manual de marca e as súas aplicacións online e offline.

-Creación de estratexias **de comunicación en redes sociais, medios dixitais e desenvolvemento de contidos** sobre as diferentes actividades do proxecto e aliñados coa estratexia establecida.

-A **organización de roldas de prensa e eventos de presentación do proxecto** en coordinación cos membros da agrupación e os seus coordinadores de prensa rexionais e locais.

O aspirante que obteña a praza desempeñará as súas funcións ao longo do percorrido do Camino de Santiago Francés, sendo esta mobilidade necesaria para o normal desempeño das funcións inherentes ao posto.

As presentes bases, serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no Taboleiro de Anuncios electrónico (<https://concellosgalegosdocaminofrances.sedelectronica.gal>) Os sucesivos anuncios relativos ao procedemento selectivo serán obxecto de publicación a través do Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade.

De conformidade co artigo 45.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, fíxase como medio de comunicación aos interesados dos actos, acordos e resolucións integrantes deste procedemento selectivo, a exposición no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade.

### **SEGUNDO. Condicións de Admisión de Aspirantes**

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro:

- a) Ter nacionalidade española ou estar incurso nalgún dos supostos previstos no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos, na data da convocatoria, os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título universitario de Grao en Ciencias da Información, Publicidade e Relacións Públicas, Socioloxía, Xeografía e Historia ou titulación universitaria equivalente. As equivalencias dos títulos alegados que non teñan o carácter xeral, deberán xustificarse polo interesado. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto, acreditándose mediante certificado médico.

Todos os requisitos anteriores deberán reunilos os aspirantes na data en que finalice o prazo para a presentación de instancias solicitando tomar parte na Convocatoria.

Incompatibilidades do cargo.- As comprendidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

### **TERCEIRA. Forma e Prazo de Presentación de Instancias**

As solicitudes (Anexo I e Anexo II), requirindo tomar parte no proceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse á Sra. Presidenta da Mancomunidade de Municipios Galegos do Camino Francés, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral desta Mancomunidade ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de sete **días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (provincia onde ten a súa sede a Mancomunidade).

Á solicitude acompañarase unha fotocopia do Documento Nacional de Identidade e titulación académica esixida, así como de todos aqueles documentos xustificativos dos méritos que se acrediten na presente convocatoria, debendo terse en consideración que non será tido en conta requisito e/ou mérito algún que non fose debidamente xustificado en tempo e forma nos termos establecidos

Con carácter xeral, os requisitos e méritos que, no seu caso, puidesen ser alegados polos aspirantes para a súa valoración no presente proceso de selección, deberán acreditarse documentalmente nos termos establecidos nas presentes bases, sen que se poida presumir a concorrencia de requisito ou mérito algún distinto dos alegados e xustificados documentalmente dentro do período de presentación de instancias, salvo causas de forza maior alegadas no momento de presentación da solicitude de admisión a este proceso de selección, sendo da exclusiva responsabilidade do aspirante a falta ou defecto na acreditación dos requisitos ou méritos polo alegados que impidan a súa consideración ou valoración en termos de igualdade con respecto ao resto dos aspirantes.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias non se admitirá ningún xustificante, mérito ou acreditación de circunstancias aínda cando se refiran a feitos producidos con anterioridade á finalización do devandito prazo, salvo a que resulte precisa ao obxecto de emendar erros materiais na documentación achegada no momento de presentación de instancias.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. A Mancomunidade será a responsable do tratamento destes datos.

#### CUARTA. Admisión de Aspirantes

Terminado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Mancomunidade ditará resolución no prazo de tres **(3) días naturais**, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade (<https://concellosgalegosdocaminofrances.sedelectronica.gal>), sinalarase un prazo de dous **(2) días hábiles** para a corrección dos posibles erros nas instancias presentadas. De non existir solicitudes de participación excluídas, a lista presentada ao final do prazo de presentación de instancias terá carácter definitivo.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de tres **(3) días hábiles** desde a finalización do prazo para a presentación. Transcorrido este prazo sen que se ditase resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

Transcorrido o prazo de corrección, pola Presidencia aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade (<https://concellosgalegosdocaminofrances.sedelectronica.gal>).

#### QUINTA. Tribunal Cualificador

O órgano de selección estará formado por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, debendo indicarse o mesmo número de suplentes, un dos cuales actuará como presidente/a e outro como secretario/a.

Todos os membros do Tribunal deberán ter o mesmo nivel de titulación ou superior ao requirido na presente convocatoria. Non formarán parte do mesmo, as persoas de elección ou designación política, funcionarios interinos nin persoal eventual.

A Presidenta nomeará por decreto aos membros do tribunal e os seus suplentes, e fixará a data da súa constitución axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade (<https://concellosgalegosdocaminofrances.sedelectronica.gal>).

Os compoñentes do Tribunal deberán absterse de intervir e os aspirantes poderán recusalos cando concorresen as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente e está facultado para resolver as cuestións que puidesen suscitarse no desenvolvemento da oposición, e para adoptar os acordos necesarios para a debido orde do mesmo, en todo o non previsto nestas bases.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, con voz e sen voto, os cuales limitaranse ao exercicio da súa especialidade técnica.

Os membros do Tribunal observasen a confidencialidade e o sxiilo profesional en todo o referente ás cuestións tratadas nas reunións, non podendo utilizar fóra das mesmas a información que posúan na súa calidade de membros do Tribunal referida ao proceso selectivo para o que foron nomeados.

Serán de aplicación aos membros do Tribunal da presente convocatoria o disposto na normativa de aplicación sobre indemnizacións por razón do servizo.

#### SEXTA. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos

A selección efectuarase mediante o sistema de concurso- oposición.

— **FASE DE CONCURSO:** Máximo 4 puntos. Será posterior á fase de oposición, procedéndose á valoración dos méritos alegados polos aspirantes que superasen a fase de oposición.

O Tribunal cualificará, unha vez acreditados documentalmente, os seguintes méritos:

a) Experiencia Profesional (máximo 2 puntos): Polo desempeño de funcións directamente relacionadas cos postos obxecto de convocatoria como Director de Comunicación ou categoría profesional análoga, conforme ao seguinte detalle:

- Os servizos prestados na Administración Pública, valoraranse a razón de 0,10 puntos/mes.
- Os servizos prestados en entidades privadas valoraranse a razón de 0,05 puntos/mes.

Os períodos prestados a tempo parcial serán obxecto de ponderación para a súa consideración como xornadas completas. Terase en conta o equivalente a días cotizados que figuren no Informe de Vida Laboral.

b) Cursos oficiais relacionados co posto obxecto de convocatoria (máximo 2 puntos):

- Ata 20 horas de duración: 0,25 puntos
- De 21 a 60 horas de duración: 0,50 puntos
- De 61 a 80 horas de duración: 1,25 puntos

- De 81 ou máis horas de duración: 1,25 puntos
- Doutoramento, Máster: 2 puntos

Dentro deste apartado poderán ser obxecto de valoración igualmente os cursos de idiomas que sexan alegados e acreditados polos aspirantes outorgándose unha puntuación máxima por este concepto de 0,50 puntos.

Os méritos alegados polos aspirantes haberán de acreditarse da forma que a continuación se indica:

— Os do apartado a): A experiencia profesional obxecto de valoración deberá acreditarse mediante certificación expedida polo Organismo ou entidade correspondente que permita avaliar os servizos prestados, ou mediante a presentación de copias dos contratos acompañados da vida laboral. Para a acreditación do traballo por conta propia, deberán presentarse os documentos de alto e/ou baixa da actividade económica na Axencia Tributaria e informe de vida laboral a expedir pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, nos que conste a actividade económica desempeñada.

— Os do apartado b), mediante a achega do orixinal ou fotocopia do certificado de asistencia do curso de formación alegado ou diploma correspondente.

En ningún caso, e respecto a ningún dos aspirantes presentados, poderá presumir o Tribunal a concorrencia de mérito algún distinto dos alegados e xustificadas documentalmente dentro do período de presentación de instancias, salvo causas de forza maior alegadas no momento de presentación da solicitude de admisión a este proceso de selección, sendo da exclusiva responsabilidade do aspirante a falta ou defecto na acreditación dos méritos por alegados que impida ao Tribunal a súa valoración en termos de igualdade con respecto ao resto dos aspirantes.

— **FASE DE OPOSICIÓN:** Esta fase consta dun único exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio que consistirá en desenvolver un ou varios supostos teórico-prácticos relacionados coas funcións para desenvolver no posto, propostos libremente polo Tribunal, tanto respecto ao seu número como á súa natureza, durante un prazo máximo dunha (1) hora.

Na valoración do presente exercicio o Tribunal apreciará, fundamentalmente, a capacidade e formación xeral sobre os aspectos teóricos expostos, a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos expostos, a claridade de ideas, a precisión, síntese e rigor na exposición e a calidade e limpeza de expresión escrita e ortográfica.

Puntuación máxima de seis (6) puntos, quedando eliminados aqueles aspirantes que non obtivesen unha puntuación de tres (3) puntos.

A cualificación definitiva deste proceso de selección estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición, facéndose igualmente pública no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidade.

(<https://concellosgalegosdocaminofrances.sedelectronica.gal>).

En caso de empate a orde establecerase atendendo á maior puntuación obtida no exercicio da fase de oposición; de manterse, estarase á maior puntuación na fase de concurso; de manterse, estarase á maior puntuación obtida na fase de concurso en cada un dos seus apartados atendendo á orde no que aparece relacionados.

#### **SÉTIMA. Relación de Aprobados. Presentación de documentos e formalización do contrato.**

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente a proposta de candidatos para a formalización do contrato. O aspirante proposto achegará ante a Administración, dentro do prazo de tres (3) días naturais, a contar desde o día seguinte a aquel en que se publicou a relación de aprobados, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, excepto os que fosen presentados coa solicitude de participación.

Quen dentro do prazo indicado non presentase, salvo caso de forza maior, os documentos acreditativos, non poderá formalizar o seu nomeamento, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa instancia.

#### **OITAVA. Constitución e funcionamento de bolsa de emprego.**

Unha vez finalizado o proceso elaborase unha bolsa cos traballadores/as que superaron o proceso, por orde de puntuación.

Os chamamentos realizaranse respectando a orde de prelación que virá determinado pola suma da puntuación obtida que se estableza na convocatoria da bolsa correspondente.

A orde de chamamento dos aspirantes rexistrados na bolsa será por: orde de prelación (de maior a menor) e de forma rotatoria ata esgotar a bolsa, é dicir ata que non fosen todos os compoñentes nomeados, estes non poderán repetir.

A forma normal de localización será vía chamada telefónica ou e-mail, conforme os datos consignados na solicitude, que deberán ser debidamente comunicados por escrito en caso de cambio ou variación sendo

responsabilidade exclusiva do solicitante tanto os erros na súa consignación como a falta de comunicación de calquera cambio.

A duración desta bolsa será a a mesma que o servizo subvencionado.

#### **NOVENA. Lei reguladora da convocatoria**

O só feito de presentar instancia solicitando tomar parte nesta convocatoria constitúe sometemento expreso dos aspirantes ás bases reguladoras do mesmo, que teñen consideración de Lei reguladora desta convocatoria.

A presente convocatoria e os seus anexos rexeranse polas disposicións do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro. Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e, en tanto se proceda ao seu desenvolvemento regulamentario, pola Lei 30/1984, do 2 de agosto, modificada pola Lei 23/1988, do 29 de xullo, Lei 7/1985, do 2 de abril e disposicións do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local. e con carácter supletorio o Real Decreto 364/1995. do 10 de marzo, Orde do Ministerio de Administracións Públicas 1461/2002, do 6 de xuño, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento do persoal funcionario interino, Real Decreto Lei 33/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

#### **DÉCIMA. Incompatibilidades**

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

#### **UNDÉCIMA. Incidencias**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polo interesados recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo no prazo dun mes ante o órgano que ditou o acto, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no Emprego Público, o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; ; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; Lei 2/2015, do 29 de abril , de emprego público de Galicia; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, con carácter supletorio.

INFORMACIÓN DE PROTECCIÓN DE DATOS	
<b>Responsable do tratamento</b>	MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS C.I.F.: P2700017C mancomunidadefrances@gmail.com
<b>Fins do tratamento e prazos de conservación.</b>	Os datos trataranse para realizar a selección de persoal. Os datos serán obxecto de tratamento durante o proceso selectivo e posteriormente serán bloqueados ante responsabilidades xurídicas derivadas do tratamento
<b>Base xurídica do tratamento</b>	A base legal para o tratamento dos seus datos está baseada en que é un tratamento necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento, derivado da Lei 4/1993, do 10 de marzo, de Función Pública, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
<b>Destinatarios</b>	Os datos poderán facilitarse a outras Administracións Públicas con competencia na materia
<b>Exercicio de dereitos</b>	A persoa interesada ten dereito de acceso, rectificación, supresión dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento mediante o envío dunha comunicación escrita á dirección do Concello incluíndo documento acreditativo da súa identidade ou iniciando o trámite electrónico dispoñible para o efecto na sede electrónica da Corporación. mancomunidadefrances@gmail.com

**ANEXO I****MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE DIRECTOR DE COMUNICACIÓN**

D/D<sup>a</sup>..... con DNI. .... con domicilio en ..... nº....., localidade..... C.P.:.....,Municipio.....Provincia.....teléfono ..... móbil....., correo electrónico.....

En relación coa convocatoria realizada pola Mancomunidade de Municipios Galegos do Camino Francés para o proceso selectivo da praza de técnico de Antropólogo,

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**

- Que son certos todos os datos consignados na solicitude.
- Que reúno, na data en que acaba o prazo de presentación de instancias, todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, as cuales coñezo e acepto expresamente na súa totalidade.
- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo
- Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin me atopo en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Que alego e acredito os seguintes méritos que se relacionan non Anexo II, que acompaña á presente solicitude.

Polo exposto **SOLICITO** que se me admita a presente solicitude coa documentación adxunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado para os efectos da provisión do posto.

....., \_\_\_\_ de ..... de 2023

O/A solicitante,



## ANEXO II

## RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS ACHEGADOS E ACREDITADOS

## EXPERIENCIA PROFESIONAL:

Categoría	Administración Pública/ Entidades Privadas	Duración contrato ou nomeamento	Data de inicio	Data de finalización

## FORMACIÓN:

Denominación	Centro de impartición	Duración

-----, ---- de ----- de 2023

O/A solicitante,

SRA. PRESIDENTA DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS

Triacastela, 2 de xaneiro de 2024.- Presidenta da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 0015

---